



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 10 de xullo de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 10 de xullo de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03/07/2017, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/2940

Dáse conta de solicitude de D. Jose A. González Boulosa, en representación da **Revenidas S.C.** de autorización para a celebración de concertos ao aire libre con motivo da XIV Edición das Revenidas 2017, os días 18, 19 e 20 de agosto, en horario de 18:00 a 03:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2017/3089

Vistas solicitudes de D. JESUS LINDNER SANTOS, titular do establecemento "DOLCE VITA", situado na AVDA. DA MARIÑA, 98-BAIXO e D. MARTIN VAZQUEZ BLANCO, titular do establecemento "BIANCO", situado na AVDA. XOAN GARCIA, 16-AVDA. DA MARIÑA, respectivamente, así como os informes incorporados aos expedientes emitidos pola Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche nunha hora, con motivo da temporada de verán**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura coa que conta cada uns dos locais, sendo da seguinte maneira:



Nº DE EXPTE.	ESTABLECEMENTO	TITULAR	TIPO DE ACTIVIDADE	DE LUNS A MERCORES	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VISPERA DE FESTIVOS
11/17-AMP.	DOLCE VITA	JESUS LINDER SANTOS	2.6.4. PUB	Pasa de 04:00 hs. a 05:00 hs.	Pasa de 04:30 hs. a 05:30 hs.
12/17-AMP.	BIANCO	MARTIN VAZQUEZ BLANCO	2.6.9 CAFÉ-CONCERTO	Pasa de 05:00 hs. a 06:00 hs.	Pasa de 05:30 hs. a 06:30 hs.

PRP2017/3096

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **IDDUN Servicios Arousa, S.L.** para a impartición dun curso de formación para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, por un importe total de 1.290,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799 (Proxecto 3 nº 02/22/2016).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3099

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento estimado de 8.000,00 € para a realización da exposición “Scenes at Arosa Bay”, con cargo á partida 334.22631.

Así mesmo acórdase adxudicar á Empresa **VisualGraphics, SL** a impresión das fotografías de gran formato para a Rúa Alcalde Rey Daviña, por un importe total de 3.247,70 € (IVE incluído), con cargo ao orzamento de 8.000,00 € citado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3100

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento e Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Digamel Arousa, S.L.U.** para o subministro de 200 m. de condutor trenzado RZ cobre para reposición no Campo da Festa de Cea por desaparición do anterior, por un importe total de 310,43 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3102

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Eva Silva Noal, en representación de Asociación TDAH Salnés,** solicitando autorización para realización do II Desfile de Traxe Tradicional Galego o día 13 de agosto con fins benéficos na Rúa Castelao e en caso de choiva na Praza da Peixería.



Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/3104

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **INTEGRAL, S.C.** para o subministro dunha pantalla TV Led 65" para a Sala de Xunta, por un importe total de 1.660,12 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3115

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SEPYMEDICAL, SLU** para o subministro de tres táboas de rescate para o servizo de salvamento e socorrismo nas praias, por un importe total de 3.738,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 4591.62300. (Proxecto 2 nº 01/46/17).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3117

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **S.E.I.S (Suministro de Equipos de Incendios y Salvamento, S.L.)** para o subministro 14 mangueras de 25 mm., por un importe total de 3.450,92 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3121

Vista a proposta do Encargado de Mantemento e Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.** para a fabricación de caseta para protección de cadro eléctrico do bombeo Punta Preguntoiro, por un importe total de 707,85 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.213.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3123

Vista a proposta do Encargado de Mantemento e Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **OYS Fernández, S.L.** para inspección do colector da tubaxe de pluviais e fecais en Vilaxoán, na zona onde se vai edificar a nova gardería municipal, por un importe total de 848,65 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3127

Vista a proposta do Encargado de Mantemento e Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.** para fabricación de soportes de guías no bombeo Pozo Sobrán, por un importe total de 713,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3129

Vista a proposta do Encargado de Mantemento e Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Kilovatio Galicia, S.A.U.** para subministro de tres postes de formigón para reposición na Rúa da Granxa (Bamio), por un importe total de 646,14 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3130

Vista a proposta do Enxeñeiro de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Ozona Consulting, S.L.** para o servizo de mantemento da plataforma CISCO USC e Sistema DataDomain EMC para o período de marzo de 2017 a marzo de 2018, por un importe total de 5.426,73 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3136

Dáse conta de informe da Policía Local comunicando a existencia de seis embarcacións abandonadas e varadas dende fai tempo nos areais da Praia de Compostela e de Portugalete – Carril.



A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dirixirse ao Servizo Provincial de Costas sobre a posibilidade de retirar as citadas embarcacións por parte do Concello en caso de non poder localizar aos titulares das mesmas para que procedan á súa retirada.

PRP2017/3137

Dáse conta do escrito presentado por **Ubica Servicios de Localización, S.L.** solicitando autorización para a realización de actividades de ocio (publicidade YOIGO) o día 13 de xullo de 2017, de 10:00 a 22:00 horas en zonas de estacionamento a carón da Praia da Concha.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlles que non é posible acceder ao solicitado, debendo solicitar e obter previamente a correspondente autorización da Autoridade Portuaria, titular dos terreos nos que se pretende realizar a actividade.

PRP2017/3138

Dáse conta da sanción imposta pola Xefatura de Tráfico ao vehículo adscrito ao Servizo de Electricidade, matrícula 2348-GHV, por infracción do Art. 52.1 do Regulamento Xeral de Circulación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obriga a favor da Dirección General de Tráfico, polo importe de 100,00 € correspondente ao aboamento da citada sanción (expte. 36-045-580-904-2), con cargo á partida 929.22699.

PRP2017/3140

Dáse conta de escrito de Unión Fenosa Distribución comunicando que van a proceder a realizar unha obra para o cambio do centro de transformación que produce rúidos no edificio situado en Rúa Catoira nº 5.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/3143

Dáse conta do escrito presentado por D. Emilio González Acuña, Presidente da **Asociación Arousa en Bici**, solicitando autorización para realizar un Paseo Ciclista Nocturno de Vilaxoán a Carril o día 1 de xullo de 2017 a partir das 23:00 horas, e solicitando a colaboración da Policía Local durante o traxecto.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2017/3145

Dáse conta do escrito presentado por D. David Jiménez Abalo, solicitando autorización para ocupación de vía pública con mesas para a realización dun acto para os participantes no evento deportivo TISL na Rúa Romero Ortiz, á saída do local Sold Out o día 1 de xullo.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:



- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/3149

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación da **Asociación Protectora de Animais**, solicitando autorización para ocupación da vía pública os días 1, 2 e 3 de xullo, para a celebración dun mercado benéfico. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/3150

Dáse conta do escrito presentado por Dona Margarita Barreiro Pérez, en representación de **REAS GALIZA**, solicitando autorización para celebración do XXXVII, XXXVIII e XXIX Mercado social e de troco na Praza da Peixería, os días 10 de setembro, 8 de outubro e 12 de novembro.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de



emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/3112

Dáse conta do recoñecemento da Universidade de Santiago de Compostela ao Centro de Servizos Sociais Comunitario Básico deste Concello, como entidade colaboradora na formacións dos/as Estudantes da Facultade de Psicoloxía.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Emprego

PRP2017/3170

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convocatoria dos I Premios Emprendemento Concello de Vilagarcía – Emprende VGA 2017, para a promoción do emprendemento e a cultura emprendedora, nas categorías de:

- Premio á mellor iniciativa empresarial.
- Premio á actividade comercial máis innovadora.
- Premio ao mellor proxecto turístico relacionado co mar.

Acórdase así mesmo a aprobación do orzamento, que ascende a un total de 15.534,00 €, coa seguinte desagregación:

- Premios: 9.000 €, con cargo á partida 241.489.
- Asistencia técnica e mentoring aos premiados (orzamento Dalle que Dalle S.Coop Galega): 6.534,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.22799.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/3131

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Espacio do Lector, S.L.** para subministro de materiais bibliográficos con destino á Rede Municipal de Bibliotecas, por un importe total de 588,81 €, con cargo á partida 3321.22001. (Proxecto 3 nº 01/25/17).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3133

Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases de axudas á educación infantil para familias con alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos e escolas infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa para o curso 2017-2018, cun orzamento total de 13.500,00 €, con cargo ás partidas 231.48003 (7.500,00 €) e 320.48003 (6.000,00 €), con posibilidade de ampliar 1.500,00 € con cargo ao sobrante do Plan Madruga (partida 320.48003). (Proxecto 3 nº 01/01/2017).



PRP2017/3134

Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases Reguladoras do outorgamento de axudas para estudantes universitarios/as e de ciclos superiores de formación profesional que, residindo en Vilagarcía de Arousa, realicen os seus estudos fóra do termo municipal no curso 2016/2017, cun orzamento total de 40.000,00 €, con cargo ás partidas 231.48003 (20.000,00 €) e 320.48003 (20.000,00 €). (Proxecto 3 nº 01/01/2017).

PRP2017/3171

Vista a proposta da Concellería de Educación, en relación coas axudas solicitadas polas ANPAS dentro do Plan Madruga, a Xunta de Goberno Local acorda:

A adxudicación do gasto e o recoñecemento de obriga a favor das seguintes entidades e polos importes que se indican, con cargo á partida 320.48003, para o período xaneiro-xuño, previa xustificación do gasto realizado:

ANPA AREALONGA	507,00 €
ANPA VAGALUME	507,00 €
ANPA A ESCARDIA	507,00 €
ANPA DR. FLEMING	507,00 €
ANPA A LOMBA	507,00 €
ANPA DE RUBIANS	507,00 €
ANPA O PIÑEIRIÑO	507,00 €
ANPA ROSALÍA DE CASTRO	507,00 €
TOTAL	4.056,00 €

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2017/3156

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda modificar o acordo de Xunta de Goberno Local de data 29 de maio de 2017 de autorización para realización dunha serie de actividades promovidas pola Deputación Provincial de Pontevedra, denominadas “Depo Ruarte” 2017, a desenvolver pola Empresa Vella Escola, o día 15 de xullo, de 17:00 a 20:00 horas, na Praza da II República, pasando a desenvolverse o mesmo día na Praza de Galicia, en horario de 11:00 a 14:00 horas.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2017/3152

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Despertando Sociedad de Gestión Inmobiliaria y Náutica, S.L.** para o alugueiro dun baño para discapacitados e dous baños mixtos durante as Festas de San Roque, do 10 ao 20 de agosto de 2017, por un importe total de 2.722,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/3147



Dáse conta dos agradecementos a realizar ás seguintes entidades que colaboraron no desenvolvemento da XXIV Romaría das Persoas Maiores celebrada o 01 de xullo:

- A Deputación de Pontevedra polo pago dunha parte da factura do Trío Los Tres Latinos que actuaron na Romaría.
- A Corporación Alimentaria Peñasanta polo agasallo de produtos lácteos.
- A Gadisa, polo agasallo de produtos para os premios dos campionatos celebrados na mesma.
- Ao Persoal de Fexdega encargado da instalación da Romaría.
- Ao persoal da área de comunicación polo traballo realizado para difusión da Romaría.
- A Protección Civil-Emerxencias pola presenza na mesma.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/3153

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a sinatura dun convenio de colaboración para a concesión dunha subvención por razóns de interese cultural, por importe total de 28.491,31 € con cargo á partida 334.479, coa **Empresa Revenidas, S.C.**, para facer fronte aos gastos que orixine a celebración do evento cultural na súa "14 Edición do Festival Cultural-Gastronómico de Revenidas 2017", que se vai a levar a cabo os días 18, 19 e 20 de agosto en Vilaxoán.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de medios materiais e personais solicitados.

PRP2017/3155

Vista a solicitude de D. Francisco Jesús Fernández Rodríguez, en representación de **Cáritas Interparroquial de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 5 de outubro de 2017, en horario de 16:00 a 21:00 horas, para a celebración dunha xornada coa comunidade xitana (dentro do programa ARRUMÍ), debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/3157

Vista a solicitude de D. Francisco Jesús Fernández Rodríguez, en representación de **Cáritas Interparroquial de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario ° do Auditorio Municipal, os días 10 e 24 de xullo; 14 e 28 de agosto; 11 e 25 de setembro; 9 3 23 de outubro; 6 e 20 de novembro; 4 e 18 de decembro de 2017, en horario de 10:30 a 13 horas, para a impartición do programa ARRUMÍ coa comunidade xitana, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.



PRP2017/3159

Vista a solicitude de **Dona Margarita Barreiro Pérez**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 10 de setembro, 8 de outubro e 12 de novembro de 2017, durante todo o día, para a celebración dos Mercados Solidarios e de Troco XXXVII, XXXVIII e XXXIX, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/3160

Vista a solicitude de D. José Cao García, como Presidente da **Asociación de Xubilados e Pensionistas da Casa do Mar de Vilagarcía de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración municipal con motivo da celebración da Festividade do Carne o día 16 de Xullo na Casa do Mar, coa contratación das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609:

- Actuación da Asociación Cultural Gaitas Mar de Arousa, por un importe de 391,00 €.
- Actuación da Asociación Coral Rosalía de Castro, por un importe de 225,00 €

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Sendo as 12:15 Horas auséntase da sesión a Sra. Abalo Pérez.

PRP2017/3161

Vista a solicitude de **D. José A. Ríos Martínez**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 14 de xullo, en horario de 10:00 a 14:00 horas, para a celebración dunha asemblea de emigrantes retornados, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/3163

Vista a solicitude de D. José Artiaga Barreira, en representación da **Fundación Artiaga**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 9 de setembro de 2017, a partir das 14:30 horas, para a celebración dunha gala para recadar fondos para o Programa ANN, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño



de 2013) e que figura publicada na web municipal, así como a colaboración municipal coa impresión de 50 carteis.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Deberá presentar na Concellería de Cultura, seguro de responsabilidade civil e sinistros para esta actividade, así como copia de aboamento do mesmo.

Comunicáselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Dar conta á Área de Comunicación.

PRP2017/3164

Vista a solicitude de D. Daniel Espiño Otero **Cura Párroco de Sobradelo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme o vindeiro día 15 de xullo de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural Sobradelo, por un importe de 335,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/3165

Vista a solicitude de D. Daniel Espiño Otero **Cura Párroco de Sobradelo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade do Sacramento o vindeiro día 6 de agosto de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural Sobradelo, por un importe de 335,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/3166

Vista a solicitude de **D. Manuel Santorum Hermida**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade do Sacramento en Rubiáns o vindeiro día 20 de agosto de 2017:

- Actuación do Grupo de Gaitas do Centro Cultural e Deportivo Santa Plácida, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/3167

Dáse conta do escrito remitido por **Sociedad General de Autores y Editores (SGAE)**, solicitando a remisión do orzamento de gastos dos espectáculos realizados durante as Festas Patronais de Santa Rita 2017, que tiveron lugar do 19 ao 22 de maio.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda remitir a seguinte información:

19-05-2017	PASACALLES A.C. NOSA SRA. DA XUNQUEIRA	268,00 €
19-05-2017	PACHO FLORES & JESUS "PINGÚINO"	2.420,00 €
19-05-2017	ORQUESTRA ACHÉ	4.235,00 €
20-05-2017	GRUPO DE GAITAS TREBOADA DE GUILLAN	315,00 €
20-05-2017	II ENCONTRO FOLCLÓRICO SANTA RITA	1.000,00 €
20-05-2017	CONCERTO SANJURJO & DOPICO * CONCERTO DE SES	7.865,00 €
21-05-2017	ORQUESTRA CAPITOL	6.050,00 €
22-05-2017	PASACALLES SANTA PLÁCIDA DE RUBIANS	391,00 €
22-05-2017	ORQUESTRA CINEMA	4.235,00 €

PRP2017/3168

Vista a solicitude de D. José Luis Villanueva Vicente, como **Patrón Maior da Confraría de Pescadores de Carril**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración municipal con motivo da celebración da Festividade do Carne o día 16 de Xullo en Carril, coa contratación das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609:

- Actuación da Asociación Cultural Airiños do Carril, por un importe de 225,00 €.
- Actuación da Coral Alento Xoven, por un importe de 225,00 €

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/3169

Vista a solicitude de D. Juan Manuel Lorenzo Búa como Presidente da **Comisión de Festas de Vilaxoán**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración municipal con motivo da celebración da Festividade do Carmen os vindeiros días 14, 15, 16 e 17 de xullo, coa contratación das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609:

- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán (Coral), por un importe de 585,00 €.
- Actuación da Asociación Cultural os Terribles de Arousa – Grupo de Gaitas, por un importe de 225,00 €
- Festival de Corais o día 14 de xullo:

CORAL	IMPORTE
CORO PARROQUIAL STA. EULALIA	225,00 €
ASOCIACIÓN CORAL CORTEGADA	225,00 €
CORAL ALENTO XOVEN	225,00 €
CORAL ROSALIA DE CASTRO	225,00 €
CORAL SOBRADELO	225,00 €



ASOC. CULTURAL CORAL SAN PEDRO DE CORNAZO	225,00 €
ASOC. CULTURAL POLIFÓNICA DE VILAXOÁN	225,00 €
TOTAL	1.575,00 €

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal. Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/3173

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar ao Arquitecto Técnico **D. José M. Millán Armas** a dirección de obra do investimento “Reparacións no estadio de atletismo no Complexo Deportivo de Fontecarmoa”, por importe de 968,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

PRP2017/870

Dáse conta da Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para participar na prórroga de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas neste programa.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar a participación neste programa para a **Área de Rehabilitación Integral de Vilaxoán**, e o compromiso do Concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo do correspondente acordo específico.

PRP2017/2636

Dáse conta da Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para participar na prórroga de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas neste programa.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar a participación neste programa para a **Área de Rehabilitación Integral de Carril**, e o compromiso do Concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo do correspondente acordo específico.

PRP2017/2723

Dáse conta da Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para participar na prórroga de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas neste programa.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar a participación neste programa para a **Área de Rehabilitación Casco Vello**, e o compromiso do Concello de actuar como entidade xestora das actuacións logo do correspondente acordo específico.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS



PRP2017/3175

Dáse conta de informe da Intervención Municipal relativo ás estimacións da revisión de prezos do canon de recollida de lixo cos criterios aprobados en 2013, aplicados ao período 2017/2018, do que se desprende que o resultado da fórmula polinómica non reflexa un incremento superior ao 5%, polo tanto non procede a revisión de prezos. En consecuencia o canon anual manteríase dende o 1 de marzo de 2017 ata o 28 de febreiro de 2018 nas mesmas cantidades que na actualidade, é dicir 2.879.462,02 € e o canon mensual sería de 239.955,17 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o mantemento do canon, de conformidade co informe citado da Intervención Municipal, e comunicar a CESP, empresa concesionaria da recollida do lixo o presente acordo.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.